

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**50** *Real decreto 1081/2017, do 29 de decembro, polo que se establece o réxime de funcionamento da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa.*

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, modificou o título V da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, que trata da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria do dito órgano constitucional, en liña cos principios establecidos con carácter xeral para todas as administracións no título VI da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Seguindo a liña marcada polas principais institucións internacionais, España veu realizando un esforzo importante para incorporar ao ordenamento xurídico os principios de mellora da regulación. Durante as últimas dúas décadas, no seo da Comisión Europea e da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos foise avanzando nas estratexias de mellora do contorno normativo, identificadas como «Better regulation» e «Smart regulation». No ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) cabe citar a «Recomendación do Consello para mellorar a calidade da regulación goberamental» do ano 1995, e a «Recomendación do Consello sobre política normativa e gobernanza» do ano 2012. No ámbito da Unión Europea, cómpre salientar o «Paquete de mellora normativa de 2015», que, ademais de completar e reformular algúns dos principios de calidade normativa recollidos nas iniciativas «Lexislar mellor» de 2005 e «Normativa intelixente na Unión Europea» de 2010, engade algúns principios novos, como son a avaliación *a posteriori* da lexislación, a participación das partes interesadas e a mellora do acceso electrónico ao conxunto da lexislación da UE; e o Programa de adecuación e eficacia da regulación («Regulatory Fitness and Performance Program» ou REFIT), que contén diversas propostas dirixidas a integrar o «Programa europeo de redución de cargas» («Administrative Burden Reduction») cos obxectivos de calidade normativa, especialmente no referente ás pemes.

Os diversos informes internacionais sobre a materia definen a regulación intelixente como un marco xurídico de calidade que permite o cumprimento dun obxectivo regulatorio ao tempo que ofrece os incentivos adecuados para dinamizar a actividade económica, permite simplificar procesos e reducir cargas administrativas. Para isto, resulta esencial unha adecuada análise de impacto das normas de forma continua, tanto *ex ante* como *ex post*, así como a participación dos cidadáns, empresas e outras partes interesadas nos procesos de elaboración normativa, co fin de asegurar que a regulación se encontre ao servizo do interese público e estea informada das necesidades lexítimas daqueles a quen concirne e afecta.

España realizou múltiples avances en programas de mellora da lexislación, no marco da política europea na materia. No ordenamento xurídico español cabe destacar os avances na implantación dos principios de boa regulación, especialmente no referido ao exercicio de actividades económicas, a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable; ou a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado. Sen esquecer os principios incorporados a través da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Máis recentemente, o título VI da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter de normativa estatal básica, unifica os principios de boa regulación, ordena o proceso de elaboración de normas cunhas fases comúns a todas as administracións e reforza a participación cidadá no procedemento de elaboración normativa. Simultaneamente, a sinalada modificación do título V da Lei 50/1997, do 27 de novembro, achega, no ámbito da Administración xeral do Estado, a

previsión de que o Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais analice as propostas normativas que se vaian someter á aprobación do Consello de Ministros.

Deste modo, tras a aprobación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e da modificación do título V da Lei 50/1997, do 27 de novembro, relativo á iniciativa lexislativa e ao exercicio da potestade regulamentaria do Goberno, cabe dicir que, por unha parte, o procedemento de elaboración de normas legais e regulamentarias fixo seus os principios de boa regulación (que comprenden os principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia) e unha serie de medidas para dar un impulso definitivo á mellora da calidade normativa (consulta pública previa, elaboración da memoria da análise de impacto normativo); e, por outra, en canto á organización, prevé, como novidades máis destacadas, por un lado, a elaboración dun plan anual normativo e a avaliación *ex post* das normas aprobadas e, por outro, a atribución de funcións ao Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais para asegurar a calidade normativa.

En efecto, respecto a isto último, co fin de asegurar a coordinación e a calidade da actividade normativa do Goberno, o artigo 26.9 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, na redacción dada pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, encoméndalle ao Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais a análise de diversos aspectos dos proxectos normativos que se deban elevar ao Consello de Ministros avaliando, entre outras cuestións, a calidade técnica, a congruencia co resto do ordenamento xurídico, a necesidade de incluír a derogación expresa doutras normas ou a posible extralimitación na transposición de dereito da Unión Europea.

O artigo 26.9 prevé, no seu último parágrafo, a aprobación dunha norma regulamentaria que determine a composición do órgano que se encargará de realizar estas funcións, así como o seu modo de intervención no procedemento. O dito órgano foi creado polo Real decreto 771/2017, do 28 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais e se modifica o Real decreto 424/2016, do 11 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, coa denominación de Oficina de Coordinación e Calidade Normativa. O presente real decreto ten por obxecto establecer o seu réxime de funcionamento, incluído o modo de intervención no procedemento de elaboración normativa.

Baixo a dependencia do subsecretario da Presidencia e para as Administracións Territoriais, a Oficina contará cun director, con rango de subdirector xeral, e organizarase en dous ámbitos funcionais diferenciados, un dedicado á análise de normativa xeral e outro á de normativa económica e social.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2017,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer o réxime de funcionamento da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa, órgano da Administración xeral do Estado encargado de promover a coordinación e a calidade da actividade normativa do Goberno.

2. A Oficina de Coordinación e Calidade Normativa depende da Subsecretaría da Presidencia e para as Administracións Territoriais e ten rango de subdirección xeral.

##### Artigo 2. *Funcións.*

1. A Oficina de Coordinación e Calidade Normativa será o órgano encargado de emitir o informe en que se analizarán os aspectos previstos no artigo 26.9 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, en relación cos anteproxectos de lei, orgánica ou ordinaria, os proxectos de real decreto lei, os proxectos de real decreto lexislativo e os proxectos de real decreto de carácter regulamentario.

2. O informe da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa analizará os aspectos previstos no artigo 26.9 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, e en particular:

a) Valorará a calidade técnica da proposta normativa, atendendo ao correcto uso da linguaxe e ao cumprimento das directrices de técnica normativa, así como a adecuación do rango normativo proposto.

b) Examinará a congruencia da iniciativa coa Constitución e o resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, con outras que se estean elaborando nos distintos ministerios ou que se vaian elaborar de acordo co plan anual normativo, así como coas que se estean tramitando nas Cortes Xerais, evitando posibles duplicidades e contradicións.

c) Determinará a necesidade de incluír a derogación expresa doutras normas, así como de refundir na nova outras existentes no mesmo ámbito.

d) Avaliará o contido da memoria da análise de impacto normativo e se cumpre co exigido na súa normativa reguladora, valorando especialmente a suficiencia das análises de impacto recollidas e da sistemática prevista para a avaliación *ex post* da iniciativa.

e) Comprobará que o contido das partes expositiva e dispositiva da proposta é conforme cos principios e regras establecidos no título VI da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no título V da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

f) Analizará o cumprimento ou congruencia da iniciativa cos proxectos de redución de cargas administrativas ou boa regulación que se aprobasen en disposicións ou acordos de carácter xeral para a Administración xeral do Estado, así como coas recomendacións emanadas nesta materia das institucións da Unión Europea e da OCDE.

g) Avaliará que a iniciativa normativa cumpre coas obrigas de transposición do dereito da Unión Europea e a súa posible extralimitación respecto do contido da norma comunitaria que traspoña ao dereito interno.

### Artigo 3. *Director.*

Correspóndenlle ao director da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa, con nivel de subdirector xeral, as seguintes funcións:

a) Planificar e dirixir a actividade da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa.

b) Aprobar os informes elaborados pola Oficina, baixo a superior dirección do titular da Subsecretaría da Presidencia e para as Administracións Territoriais.

c) Asistir ás reunións da Xunta de Planificación e Avaliación Normativa, prevista na normativa reguladora do plan anual normativo, por requirimento do presidente da dita xunta.

d) Coordinar o labor da Oficina coa actividade normativa dos departamentos ministeriais e dos organismos públicos dependentes ou vinculados a eles, no ámbito das súas respectivas competencias.

e) Promover a celebración de acordos con outras entidades, públicas e privadas, no ámbito das funcións que a Oficina ten atribuídas.

f) Dirixir a elaboración da memoria anual da actividade da Oficina, que será elevada ao ministro da Presidencia e para as Administracións Territoriais polo titular da Subsecretaría do departamento, e promover a súa publicación no portal web do dito ministerio.

### Artigo 4. *Organización interna da Oficina.*

A Oficina de Coordinación e Calidade Normativa organízase en dous ámbitos funcionais:

a) Normativa xeral, unidade que examinará os proxectos de disposicións nos seguintes ámbitos: político-institucional, internacional, administración de xustiza, seguridade e defensa, educación, cultura, ambiente, axenda dixital, sanidade, servizos sociais e igualdade.

b) Normativa económica e social, unidade que examinará os proxectos de disposicións nos seguintes ámbitos: economía, regulación dos sectores económicos, sistema financeiro, orzamento, mercado de traballo, seguridade social e infraestruturas públicas.

En caso de non resultar clara a asignación dun proxecto a un dos ámbitos funcionais, será a unidade de normativa xeral a que coñeza del.

#### Artigo 5. *Persoal da Oficina.*

A Oficina de Coordinación e Calidade Normativa contará co persoal que se determine na correspondente relación de postos de traballo, que terá en conta para cada posto a formación específica exigible.

#### Artigo 6. *Colaboración externa.*

A Oficina poderá contar co asesoramento cualificado en determinadas disciplinas, se así se considera necesario. En particular, poderá solicitar a colaboración, nas materias propias das súas respectivas competencias, da Comisión Xeral de Codificación, a través do secretario xeral técnico do Ministerio de Xustiza, vicepresidente da Comisión Xeral de Codificación; do Centro de Estudos Políticos e Constitucionais, a través do seu director; e da Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado. Esta colaboración externa terá carácter auxiliar ou de apoio na elaboración dos informes e do resto de actuacións que corresponden á Oficina.

#### Artigo 7. *Procedemento de emisión do informe.*

1. Os ministerios propoñentes das iniciativas normativas solicitarán o informe da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa, remitindo o texto do proxecto e xuntando a memoria da análise de impacto normativo e a documentación que xulguen necesaria para a súa correcta valoración.

2. A solicitude de informe realizarase unha vez que os ministerios propoñentes contén cun primeiro texto do proxecto e a correspondente memoria da análise de impacto normativo. O informe da Oficina será previo á solicitude do informe da secretaria xeral técnica previsto no artigo 26.5, parágrafo cuarto, da Lei 50/1997, do 27 de novembro.

3. A Oficina de Coordinación e Calidade Normativa poderá solicitar dos departamentos ministeriais e dos seus organismos adscritos canta información precise para realizar a súa análise, tanto da proposta normativa como da memoria da análise de impacto normativo.

4. Todas as relacións e comunicacións entre a Oficina de Coordinación e Calidade Normativa e os departamentos ministeriais e os seus organismos adscritos se articularán a través das secretarías xerais técnicas.

5. A Oficina elaborará o informe no prazo de 15 días e remitirao ao ministerio competente a través da Secretaría Xeral Técnica-Secretariado do Goberno, excepto no caso dos reais decretos leis, que os emitirá en cinco días. Transcorridos os ditos prazos sen que se emitise o informe, poderase continuar coa tramitación do procedemento, sen prexuízo da súa eventual incorporación e consideración cando se reciba.

6. No informe valoraranse todos os aspectos previstos no artigo 2 e realizaranse as consideracións, recomendacións ou observacións que, de ser o caso, se consideren convenientes.

7. O informe non terá carácter vinculante, ben que o ministerio propoñente deberá incluílo entre a documentación que achegue á iniciativa normativa sometida á aprobación do Consello de Ministros. No caso de que as recomendacións ou observacións non fosen aceptadas, deberanse xustificar as razóns deste rexeitamento de maneira específica na memoria da análise de impacto normativo.

#### Artigo 8. *Memoria anual.*

A Oficina de Coordinación e Calidade Normativa elaborará unha memoria anual da súa actividade, que será elevada polo titular da Subsecretaría da Presidencia e para as

Administracións Territoriais ao titular do mesmo departamento, e publicada no portal web do Ministerio antes do 30 de abril de cada ano.

Disposición adicional primeira. *Xestión electrónica.*

O Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais desenvolverá un sistema de información que posibilite unha comunicación directa e segura entre as secretarías xerais técnicas dos departamentos ministeriais e a Oficina de Coordinación e Calidade Normativa, para efectos de aplicar o previsto no presente real decreto.

Disposición adicional segunda. *Colaboración da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa coa Comisión Xeral de Codificación.*

O Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais e o Ministerio de Xustiza promoverán as oportunas vías de cooperación entre a Oficina de Coordinación e Calidade Normativa e a Comisión Xeral de Codificación, tanto no ámbito da técnica legislativa como noutros que se determinen, mediante, de ser o caso, a modificación dos estatutos da Comisión Xeral de Codificación, aprobados polo Real decreto 845/2015, do 28 de setembro, ou a celebración de convenios, para efectos de cumprir co mandato deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Entrada en funcionamento.*

A entrada en funcionamento da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa determinarase mediante orde do ministro da Presidencia e para as Administracións Territoriais, momento a partir do cal os departamentos ministeriais empezarán a remitir as súas propostas normativas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitacións de desenvolvemento.*

Habíltase o ministro da Presidencia e para as Administracións Territoriais para que adopte as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Modificacións orzamentarias.*

O Ministerio de Facenda e Función Pública levará a cabo as modificacións orzamentarias precisas para o cumprimento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN